



MINISTERIO
DE MEDIO AMBIENTE,
Y MEDIO RURAL Y MA

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, Y MEDIO RURAL Y MARINO	CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DEL MIÑO-SIL
REGISTRO DE SALIDA 22/11/2011	OFICINA SERVICIOS CENTRALES 11:56:59
S061201100007181	

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA
EL MIÑO-SIL

RESIDENCIA

S/REF.
N/REF. Respuesta Alegación Plan
FECHA 09 de noviembre de 2011
ASUNTO ALEGACIÓN AO PROXECTO DE
PLAN HIDROLÓXICO MIÑO-SIL 2010-2015

Presidente
Asociación de Veciños "Anacos da Cidade"
[REDACTED]

En primeiro lugar, desexo trasladarlle o noso agradecemento pola presentación da súa alegación ao proxecto de Plan Hidrolóxico da parte española da Demarcación Hidrográfica do Miño-Sil:

As máis de 600 observacións presentadas durante o período de consulta pública do proceso de planificación hidrolólica son unha boa mostra da participación activa de todos os interesados para contribuír a promover, dende a responsabilidade compartida, unha xestión sostible, equilibrada e equitativa dos recursos hídricos das concas dos ríos Miño, Sil e Limia.

Unha vez analizada a súa alegación, e de conformidade co disposto tanto na Directiva 2000/60/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas, como na lexislación que a desenvolve, procédese a responder de forma motivada a cada unha das observacións presentadas.

OBSERVACIÓN Nº 01

Síntese da Observación

Solicítase que se inclúan perímetros de protección das augas termais que nacen no termo municipal do Concello de Ourense.

Resposta Motivada

En relación á solicitude de inclusión no Plan Hidrolóxico de perímetros de protección das augas termais que nacen no termo municipal do Concello de Ourense, esta Confederación Hidrográfica incluíu no anexo IV do Plan un listado de zonas de protección de augas minerais e termais na Demarcación, seguindo as indicacións da Directiva Marco de Auga, e acorde á información subministrada pola Xunta de Galicia. A

CORREO ELECTRÓNICO:
presidencia@chminosil.es

CURROS ENRÍQUEZ, 4-2º
32003 OURENSE
TEL.: 988 399 403



regulación do réxime de declaración, aproveitamento e protección das augas minerais, termais, e de manancial cuxo lugar de nacemento ou alumbeamento estea situado dentro do territorio da comunidade autónoma de Galicia e a regulación dos establecementos balnearios dentro do ámbito territorial da Comunidade, son competencia da Administración Autonómica (Xunta de Galicia). Por iso, non é competencia desta Confederación, nin obxecto do Plan Hidrolóxico, a definición de perímetros de augas termais; estando condicionado ao definido pola Xunta de Galicia. É por iso que, atendendo á solicitude, a Confederación levou a cabo unha petición á Xunta de Galicia para verificar e actualizar os perímetros de protección das augas termais, considerados no Anexo IV do Plan Hidrolóxico, que pertencen á Demarcación Hidrográfica do Miño-Sil.

OBSERVACIÓN N° 02

Síntese da Observación

Solicítase acórdese coa empresa concesionaria da Presa de Velle unhas limitacións de caudal e normas de explotación para que non se produzcan subidas e baixadas bruscas ao longo do día e que se avise con tempo suficiente en caso de urxencia.

Resposta Motivada

Con respecto ás limitacións de caudal e normas de explotación da presa de Velle no Anexo 6.2 do borrador do Real Decreto polo que se aproba o Plan Hidrolóxico da parte española da Demarcación Hidrográfica do Miño-Sil, incluíronse os caudais máximos, que son aqueles caudais que non deben ser superados durante a operación e xestión ordinaria das infraestruturas hidráulicas, tanto para o Encoro de Velle, motivo desta alegación, coma para o resto de masas de auga da Demarcación Hidrográfica do Miño-Sil. No Anexo 6.3 da devandita normativa recólleñense as taxas de cambio (máxima diferenza de caudal entre dous valores sucesivos dunha serie hidrolóxica por unidade de tempo, tanto para as condicións de ascenso coma de descenso de caudal) tanto para o Encoro de Velle, motivo desta alegación, coma para o resto de masas de auga da Demarcación Hidrográfica do Miño-Sil.

É importante considerar que en moitos casos existen concesións antigas que non contemplaban nas cláusulas concesionais moitas destas esixencias, por iso a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil está a intentar, traballando intensamente, chegar a acordos coas empresas explotadoras dos encoros. Debido a isto e ao actual proceso de concertación de caudais que se está levando a cabo cos actores afectados, estes dous anexos inclúense a título informativo e como moito antes do 1 de xaneiro de 2016 determinaranse os caudais máximos e as taxas de cambio a implantar.



Conforme ao exposto, a súa alegación foi resolta nos termos transcritibidos. Así mesmo, segundo o disposto no Artigo 74.3 do Real Decreto 907/2007 elaborarase un documento de síntese sobre todas as alegacións recibidas no que se xustificará como foron tomadas en consideración e cuxas conclusións serán integradas na redacción final do Plan.

Por último, co obxecto de garantir a todos os interesados os dereitos de acceso á información ambiental, infórmolle que tanto a súa alegación como a resposta motivada estará accesible na páxina electrónica desta Confederación Hidrográfica, xunto con toda a documentación relativa ao Plan Hidrolóxico 2010-2015.

Reiterando o noso agradecemento pola súa importante colaboración, saúdalo atentamente,



Francisco F. Fernández Liñares

Presidente

